



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 181
26 de setembro de 2017



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 25 de setembro de 2017, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de portos de Galicia [(doc. núm. 14376, 10/PL-000005)]

[52896](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Aprobación por unanimidade sen modificacións

■ 7007 (10/PNC-000713)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel, e tres deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso das pemes aos contratos públicos autonómicos, en concreto, no sector dos servizos de limpeza de edificios e locais

[52896](#)

■ 15102 (10/PNC-001322)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis, e dous deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co financiamento do nomeamento de xuíces substitutos para o resto do ano 2017 co fin de atender as situacións de saturación máis urxentes e aquelas que teñan impacto específico na loita contra a violencia de xénero, e en concreto para os xulgados de violencia de Vigo e A Coruña, así como para o nomeamento de persoal funcionario de reforzo

[52897](#)

Rexeitamento das iniciativas

■ 13655 (10/PNC-001276)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante a Corporación da Radio e Televisión Española para garantir a presenza da lingua galega nos informativos de Televisión Española e os investimentos da Corporación da Radio e Televisión Española dirixidos á produción de cinema e series en galego

[52897](#)

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS**Rexeitamento da iniciativa****I 7255 (10/PNC-000752)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín**

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun estudo referido ao impacto das baixas pensións de xubilación dos traballadores autónomos na economía e na sociedade galega a medio e longo prazo, a posta en marcha dun plan específico de carácter global que evite situacións ou risco de pobreza na poboación xubilada e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto [52898](#)

I 7451 (10/PNC-000770)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e tres deputados/as máis**

Sobre a regularización da situación tributaria das pensións públicas dos emigrantes retornados [52898](#)

1.3.6.3. Proposicións non de lei de iniciativa popular**I 16880 (10/PNL-000005)****Cidadáns Galicia**

Proposición non de lei de iniciativa popular sobre o apoio institucional na defensa do Estado de dereito en Cataluña [52899](#)

1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento**1.6.10. Vogais dos consellos sociais das universidades de Galicia**

I Acordo do Pleno do Parlamento, do 26 de setembro de 2017, polo que se designa un membro do Consello Social da Universidade da Coruña [52899](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 25 de setembro de 2017, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de portos de Galicia [(doc. núm. 14376, 10/PL-000005)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 17001, o escrito do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que se solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de portos de Galicia (doc. núm. 14376, 10/PL-000005).

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Ampliar, por segunda vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de portos de Galicia (doc. núm. 14376, 10/PL-000005), ata o día 2 de outubro de 2017 ás 18.30 horas.

2º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 22 de setembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 7007 (10/PNC-000713)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel, e tres deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso das pemes aos contratos públicos autonómicos, en concreto, no sector dos servizos de limpeza de edificios e locais BOPG nº 92, do 29.03.2017

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a facilitar o acceso das pemes aos contratos públicos autonómicos con carácter xeral, e con carácter concreto no sector dos servizos de limpeza de edificios e locais.»

- 15102 (10/PNC-001322)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis, e dous deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co financiamento do nomeamento de xuíces substitutos para o resto do ano 2017 co fin de atender as situacións de saturación máis urxentes e aquelas que teñan impacto específico na loita contra a violencia de xénero, e en concreto para os xulgados de violencia de Vigo e A Coruña, así como para o nomeamento de persoal funcionario de reforzo

BOPG nº 174, do 13.09.2017

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a dirixirse ao Goberno do Estado español para:

1. Consignar un apartado específico de dotación orzamentaria para proceder ao nomeamento de xuíces/zas substitutas/os para o que queda de ano, que permitan atender as situacións de colapso máis urxentes e aquelas que teñen impacto específico na loita contra a violencia de xénero.
2. Dotar dunha asignación extraordinaria para nomear provisionalmente dúas persoas maxistradas para desatascar os problemas en concreto dos xulgados de Violencia de Vigo e da Coruña.
3. Dotar dunha asignación económica complementaria ás CC.AA para o nomeamento de persoal funcionario de reforzo.
4. Facer previsións realistas nas que se recolla con amplitude a dotación orzamentaria dedicada a Xustiza, ao seu persoal e ao seu funcionamento, garantindo un servizo áxil de calidade.»

Rexeitamento das iniciativas

- 13655 (10/PNC-001276)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante a Corporación da Radio e Televisión Española para garantir a presenza da lingua galega nos informativos de Televisión Española e os

investimentos da Corporación da Radio e Televisión Española dirixidos á produción de cinema e series en galego

BOPG nº 166, do 31.08.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2017

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 22 de setembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa

- 7255 (10/PNC-000752)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun estudo referido ao impacto das baixas pensións de xubilación dos traballadores autónomos na economía e na sociedade galega a medio e longo prazo, a posta en marcha dun plan específico de carácter global que evite situacións ou risco de pobreza na poboación xubilada e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

BOPG nº 96, do 05.04.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 7451 (10/PNC-000770)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e tres deputados/as máis

Sobre a regularización da situación tributaria das pensións públicas dos emigrantes retornados

BOPG nº 100, do 19.04.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2017

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

1.3.6.3. Proposicións non de lei de iniciativa popular

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 25 de setembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite, traslado á Xunta Electoral e publicación do acordo

- 16880 (10/PNL-000005)

Cidadáns Galicia

Proposición non de lei de iniciativa popular sobre o apoio institucional na defensa do Estado de dereito en Cataluña

A Mesa adopta o seguinte acordo:

- 1º. Admitir a trámite a proposición non de lei de iniciativa popular.
- 2º. Declarar constituída a comisión promotora, na que figura a persoa que a representará para os efectos de comunicacións.
- 3º. Notificar este acordo á representación da comisión promotora, á Oficina do Censo Electoral e á Xunta Electoral de Galicia, para os efectos previstos nos artigos 7 e 8 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá do Parlamento de Galicia.
- 4º. Dispoñer a publicación deste acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

1.6.10. Vogais dos consellos sociais das universidades de Galicia

Acordo do Pleno do Parlamento, do 26 de setembro de 2017, polo que se designa un membro do Consello Social da Universidade da Coruña


O Pleno de Parlamento, na sesión do día 26 de setembro de 2017, procedeu á elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña, de conformidade co establecido no artigo 79.2 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, resultando designada a seguinte persoa:

—D. José Ramón Louzao Cabo

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Tel. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727